



BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS POR NACEMENTO DE FILLO OU FILLA, ADOPCIÓN E ACOLLEMENTO POR FAMILIAS VIMIANCESAS DURANTE O ANO 2018

1. OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS

O obxecto da convocatoria é axudar nos gastos ocasionados co nacemento, adopción ou acollemento de nenas e nenos por familias vimiancesas durante o período que abrangue desde o 1 de setembro de 2017 ao 31 de agosto de 2018. Pretenden ser un paliativo neste momento de crise económica e de escaseza de traballo, contribuíndo a minorar os importantes gastos destas familias. Tamén se trata de incentivar o asentamento da poboación no noso concello, nun ciclo de caída poboacional.

Súmanse estas axudas ás previstas para nenas e nenos en período escolar obrigatorio, nunha acción do goberno municipal que trata de promover unha política de benestar social que contribúa a paliar os efectos da crise, as diferenzas sociais, os riscos de exclusión social e fomentar o incremento da nosa poboación.

2. PERSOAS BENEFICIARIAS

As axudas poderán ser solicitadas polos pais/nais ou titores/as legais das nenas e nenos que reúnan os seguintes requisitos:

- A persoa solicitante ten que ter a custodia do neno ou nena e a unidade familiar deberá estar empadroada no concello de Vimianzo antes do 1 de setembro de 2018.
- As nenas e nenos beneficiarios deben estar empadroados no Concello de Vimianzo entre o 1 de setembro de 2017 e o 31 de agosto de 2018, e ter nacido durante os anos 2017 e 2018.
- Ter unha renda per cápita menor que 1,5 veces o IPREM de 2018.
- Non ser a persoa solicitante debedora da Facenda municipal.
- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Vimianzo.
- Non estar en ningún dos supostos de prohibición para a percepción de subvencións que se establece no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As axudas concedidas para o mesmo fin por outra administración son compatibles coa que agora concede o Concello de Vimianzo, sempre e cando a súa suma non supere o importe total gastado.

As persoas beneficiarias terán as seguintes obrigas ante o Concello de Vimianzo:

- Cumprir o obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto, en beneficio do neno e nena, en cueiros, lácteos infantís, roupa, calzado, produtos de hixiene infantil, medicamentos ou outro tipo de produtos recitados polo facultativo de pediatría. O gasto debe de estar feito a partir do 1 de setembro de 2017.
- Someterse ás actividades de control realizadas por parte do Concello para comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co Concello en ditas actuacións.
- Comunicarlle ao Concello calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda.

3. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Concederase unha axuda por nena ou neno de 100 €, sempre e cando a renda per cápita familiar sexa inferior 1,5 veces o IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples).

A contía anual do IPREM para o ano 2018 é de 6.454,03 € (para 12 meses) segundo a Lei 6/2018, de 3 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 (BOE núm. 161 do 4 de xullo de 2018).

No suposto de que unha vez efectuada a avaliación das solicitudes se supere o límite máximo da subvención (2.000,00 €), estudarase a posibilidade de incrementar o crédito.



a) RENDA PER CÁPITA FAMILIAR

Enténdese por renda per cápita familiar a suma da renda familiar bruta dividida entre o número de membros da unidade familiar computables.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar cunha discapacidade igual ou superior ao 33% ou os que estean valorados como dependentes en calquera dos graos establecidos segundo a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia.

Nesta convocatoria terase en conta o último exercicio fiscal para os efectos de determinar a renda per cápita familiar dos solicitantes.

b) DETERMINACIÓN DA UNIDADE FAMILIAR

Para os efectos destas axudas, considérase unidade familiar a formada polo pai, nai, titor/a ou persoa encargada da garda e protección do menor.

Tamén se considerará como membros da unidade familiar as parellas do pai, nai, titor/a do menor, sempre que convivan no domicilio familiar, así como as/os irmás/áns da/do menor beneficiaria/o menores de idade ou maiores de 18 anos que estean ao cargo dos proxenitores e dependan economicamente deles.

Para estes efectos, considérase o domicilio familiar das nenas ou nenos beneficiarios o que figura no padrón de habitantes.

4. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS

A aplicación orzamentaria á que se imputarán estas axudas é a 231 489.00, cun crédito máximo aprobado de dous mil euros (2 000,00 €).

5. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita pola persoa interesada (pai/nai/titor/a legal) segundo o modelo específico para iso. A presentación de dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan nela ante os organismos ou entidades correspondentes.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- 1) DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade.
 - 2) Libro de familia.
 - 3) En supostos de adopción ou acollemento, ou titoría legal do menor, documentación acreditativa.
 - 4) Autorización ao Concello para obter diante da Axencia Tributaria os datos de nivel de renda correspondentes ao último exercicio fiscal.
- Tamén se solicitarán, se é o caso, xustificantes de ingresos provenientes do estranxeiro ou doutra índole que non figuren no certificado de rendas correspondente.
- 5) Nos casos de discapacidade ou dependencia dalgún dos membros da unidade familiar computables, certificado emitido polo organismo oficial correspondente.
 - 6) Certificado da conta bancaria, do pai/nai ou titor/a do menor para o que se solicita a axuda.
 - 7) Declaración da percepción doutras axudas percibidas para o mesmo fin.
 - 8) Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio e do convenio regulador, se é o caso.
 - 9) Declaración responsable de non estar incurso en suposto de prohibición para ser persoa beneficiaria da axuda.
 - 10) Declaración responsable de non ter obrigas pendentes de pagamento coas administracións con potestade tributaria e coa Seguridade Social.
 - 11) Calquera outro documento que a comisión avaliadora considere necesario co fin de poder facer unha correcta avaliación do expediente.



6. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vimianzo, e na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común da Administracións Públicas, no prazo de 20 días naturais contado desde o día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, podendo consultarse as bases completas na plataforma de Bases de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>) e na web municipal (www.vimianzo.gal).

7. PUBLICIDADE.

A relación das subvencións concedidas publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello de Vimianzo, así como na páxina web oficial do Concello de Vimianzo, <http://www.vimianzo.gal>, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiarios e contías percibidas e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

8. PROCEDEMENTO

a) INSTRUCIÓN E ÓRGANO INSTRUTOR

O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a proposta de resolución, será a traballadora social do Concello de Vimianzo, ou persoa en quen delegue. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora formulará a proposta de resolución provisional, na que expresará o cumprimento dos requisitos e a relación nominal das persoas solicitantes para a concesión das axudas.

Se na instrución fosen tidos en conta outros feitos ou datos distintos dos achegados polas persoas interesadas, ou se non se achega toda a documentación requirida para solicitar estas axudas, notificaráselles a estes a proposta de resolución, concedéndolles un prazo de dez días para que presenten as alegacións que estimen pertinentes e/ou a documentación requirida. Á vista das alegacións e/ou documentación presentadas, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo ao parágrafo anterior, a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

b) COMISIÓN AVALIADORA

A Comisión Avaliadora estará composta polo alcalde, a concelleira de Benestar Social, un Técnico da área de benestar social e a secretaria, ou persoas nas que deleguen. A Comisión Avaliadora elevará a proposta de concesión o órgano competente para resolver a través do órgano instrutor na que se concretará individualmente para cada beneficiario/a o resultado da avaliación realizada.

c) RESOLUCIÓN

O órgano competente para a concesión das axudas será a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención municipal.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas notificaranse individualmente no prazo máximo dun mes que comezará a contar dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes e en todo caso antes do 31 de decembro de 2018, e publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal.

A modificación de calquera das circunstancias que se tivesen en conta para a súa concesión, que deberá ser posta en coñecemento do Concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

9. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria a nome da persoa solicitante, tras a súa xustificación por medio da presentación das facturas orixinais ou fotocopias compulsadas por unha cantidade, cando menos, igual ao importe da axuda concedida, así como copia da receita médica, se é o caso. O prazo para presentar a xustificación da realización do gasto será de dez días naturais a partir da



recepción da notificación de concesión, e sempre antes do remate do ano. En casos especiais, os cales terán que ser valorados polas profesionais da Área de Benestar Social, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do/a beneficiario/a, aboaráselle ao establecemento subministrador do material para o que se solicita a axuda. Se no momento da solicitude xa foi efectuado o gasto, entenderase a xustificación xa efectuada.

Terán a consideración de casos especiais aqueles que, por razón de necesidade, precariedade ou urxencia, se atopen nunha situación de risco e/ou desprotección, sendo necesario nestes casos un informe da traballadora social ou da educadora familiar do Concello, co visto e prace da concelleira de Benestar Social.

10. INCUMPRIMENTOS DAS OBRIGAS POR PARTE DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DAS AXUDAS

Se as persoas beneficiarias das axudas non cumprisen coas obrigas establecidas no punto segundo destas bases, terían que reintegrar a subvención percibida, ao igual que terían que reintegrar a subvención no suposto que se producisen modificacións na súa situación durante o período de solicitude de axudas que determinasen que non cumpren os requisitos para ser beneficiarias de subvencións.

No suposto de que a xustificación do gasto realizado fose inferior á cantidade da subvención, o importe da axuda será o do gasto xustificado.

Vimianzo, 17 de setembro de 2018

